Concello de AMES

INFORME DE TESOURARIA

ASUNTO: ANEXO BENEFICIOS FISCAIS DO ORZAMENTO 2026

EXPEDIENTE 1457/2026

I. Finalidade do informe

O artigo 168.1.e) do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais establece a obriga de incorporar ao orzamento xeral un anexo relativo aos beneficios fiscais nos tributos locais, contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia na recadación.

A efectos da elaboración do presente documento tómase como referencia a estrutura establecida na Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se establecen as obrigas de suministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de establilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, materializada no formulario "Beneficios fiscales y su impacto en la recaudación".

II. Datos empregados para a elaboración do informe

Para a obtención de datos cos que elaborar o informe, tívose en conta a información subministrada por:

- Deputación Provincial da Coruña, respecto da xestión tributaria e recadatoria dos tributos obxecto de delegación, (información obtida a través da intranet da Deputación (https://www.dacoruna.gal/servicios-tributarios/ficheros/BBFF/). Considérase que as cifras incorporadas no informe de beneficios fiscais relativas ao orzamento do exercicio 2026, non experimentará variación significativa con respecto aos datos facilitadas pola Deputación Provincial relativas ao exercicio 2025.

- Oficina de Recadación, respecto da colaboración na recadación e xestión tributaria que ten encomendada ao abeiro do contrato do servizo para a colaboración na xestión tributaria, censual, inspectora e recadatoria do concello de Ames non delegadas na Deputación Provincial da Coruña.

Da información obtida, e debido á xestión que da mesma se realiza a través das distintas aplicacións de recadación, compre informar das seguintes limitacións:

- a confección das listas cobratorias, padróns e censos por Recadación ven predeterminada pola proposta que elaboran as distintas áreas municipais (servizos sociais, educación, urbanismo...). Isto supón que, no caso de que as áreas non desagreguen a cota íntegra, a bonificación, as reducións, a cota líquida, así como as exencións, non quedará informada na aplicación de xestión tributaria a incidencia dos beneficios fiscais correspondentes. Non obstante, cómpre indicar que os distintos servizos están actualmente confeccionando a información de censos e padróns conforme ás directrices ordenadas pola tesourería municipal.

- Nos tributos xestionados pola Deputación, concretamente no suposto do IAE, non se subministra a esta administración información relativa á repercusión que para os dereitos recoñecidos netos teñen os presupostos de exención, en especial os

NOME: CASTRO FERNÁNDEZ, OLGA
POSTO DE TRABALLO: Tesoureira
DATA DE SINATURA: 13/02/2026
HASH DO CERTIFICADO: 4501EA293F34E0967AE622FC9E63E79AE4FE334E
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2D499A0DAADD4EB48AF
DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE Comprobación de autenticidad en la Sede Electrónica Municipal

establecidos no artigo 82.1.c) do TRFL (todas as personas físicas e aqueles suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades cuxa cifra neta de negocios resulte inferior a un millón de euros). Por iso, non se consigna información no IAE relativa a estos beneficios fiscais.

- O 1/01/2026 entrou en vigor a ordenanza fiscal reguladora da Taxa por recollida, transporte e tratamento de residuos. Esta ordenanza contempla beneficios fiscais para o fomento de determinados comportamentos medioambientais de reciclaxe, así como por reunir a condición de persoas que estén afectadas por calquer factor de risco ou exclusión social. Sen embargo, ao tratarse dunha medida de nova implantación e respecto da cal non existen datos históricos, óptase por non incluílos ata coñecer o verdadeiro impacto sobre a recadación.

III. Delimitación do concepto de beneficio fiscal

O informe de beneficios fiscais do Orzamento Xeral do exercicio 2026 deberá recoller a expresión cifrada da diminución de ingresos tributarios producida tras a aplicación de beneficios fiscais.

Os beneficios fiscais responden ao concepto de incentivo fiscal, isto é, medidas de orde tributario con obxecto de acadar determinados obxectivos de política económica ou social. Os elementos que se comprenden baixo o concepto de beneficio fiscal nos tributos locais serán fundamentalmente, aínda que non unicamente, as exencións, as bonificacións e as reducións.

Non existe un concepto de beneficio fiscal delimitado na normativa vixente, pero sí numerosa doutrina no campo. Neste senso, e aos efectos deste informe, considéranse características definitorias para poder considerar un elemento impositivo como beneficio fiscal, algunha das seguintes:

- Debe existir unha desviación intencionada respecto á estrutura básica do tributo, entendendo por ela a configuración estable que responde ao feito impoñible que se pretende gravar.
- Ser un incentivo que, por razóns de política fiscal, económica ou social, se integre no ordenamento tributario e estea dirixido a un determinado colectivo de contribuíntes, ou a potenciar o desenvolvemento dunha actividade económica concreta.
- Existir ou non a posibilidade legal de alterar o sistema fiscal para eliminar o beneficio fiscal ou cambiar a súa definición.

Neste caso, e para que se poidan discriminar correctamente as decisións de política fiscal adoitadas polo propio Concello das que non lle son dispoñibles ao poder local, o formulario diferencia os beneficios fiscais obrigatorios dos potestativos. Enténdese de importancia recoller os beneficios fiscais obrigatorios por ser os que supoñen un auténtico impacto económico nas arcas municipais.

Apélase, pois, neste informe a unha noción ampla do concepto de beneficio fiscal.

IV. Anexo de Beneficios Fiscais.

NOME: CASTRO FERNÁNDEZ, OLGA
POSTO DE TRABALLO: Tesoureira
DATA DE SINATURA: 13/02/2026
HASH DO CERTIFICADO: 4501EA293F34E0967AE622FC9E63E79AE4FE334E
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2D499A0DAADD4EB48AF
DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE Comprobación de autenticidad en la Sede Electrónica Municipal

Concello de AMES

A continuación recóllese a información requirida para cumprimentar o formulario F.1.1.17, segundo criterios descritos ao longo deste informe e coas limitacións nel recollidas, pola técnica que subscribe:

Parte 1 do formulario

TRIBUTOS	Previsión sen beneficios fiscales	Existencia beneficios fiscales voluntarios	Importe beneficios fiscais obligatorios	Importe beneficios fiscais voluntarios	Importe beneficios fiscales compensados pola AGE	Previsións iniciais con beneficios fiscales	% prev. Iniciais con BBFF/ Prev iniciais sen BBFF
IMPUESTOS							
112: Imposto sobre bens inmobles de natureza rústica	19.152,29		23,71	6.978,23		12.150,35	0,63
113: Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana	7.212.158,90		91.269,98	61.302,56	11.025,73	7.070.612,09	0,98
114: Imposto sobre bens inmobles de características especiais	16.217,69					16.217,69	1,00
115: Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	1.532.326,34		77.996,23	55.888,00		1.398.442,11	0,91
116: Imposto sobre Incremento do valor dos terreos de natureza urbana	731.407,03			310.954,02		420.453,01	0,57
130: Impuesto sobre Actividades Económicas	420.453,01		10.138,86		10.138,86	420.453,01	1,00
290: Impuesto sobre construcións, instalacións e obras	1.123.690,45					1.123.690,45	1,00
TASAS	5.010.194,92			78.720,65		4.931.474,27	0,98
CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS	0,00					0,00	

Explicación de beneficios fiscais en impostos	Importe total
Imposto sobre Bens Inmobles	159.574,48
Bonificación por empresas de urbanización (art. 73.1 TRLRHL)	
Bonificación por vivendas de protección oficial (art. 73.2 TRLRHL)	
Bonificación por bens rústicos de cooperativas agrarias (art. 73.3 TRLRHL)	
Bonificación por bens inmobles en asentamentos de poboación singulares (art. 74.1 TRLRHL)	
Bonificación por cultivos, aproveitamentos ou uso de construcciones (art. 74.2 TRLRHL)	
Bonificación por inobles de organismos de investigación e universidades (art. 74.2 bis TRLRHL)	
Bonificación por BICEs atendendo aos diferentes grupos destos bens (art. 74.3 TRLRHL)	
Bonificación por familia numerosa (art. 74.4 TRLRHL)	20.470,33
Bonificación por instalacións de sistemas de aproveitamento enerxético (art. 74.5 TRLRHL)	16.407,99

DATA DE SINATURA: 13/02/2026
HASH DO CERTIFICADO: 4501EA293F34E0967AE622FC9E63E79AE4FE334E
POSTO DE TRABALLO: Tesoureira
NOME: CASTRO FERNÁNDEZ, OLGA
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2D499A0DAADD4EB48AF
DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
Comprobación de autenticidad en la Sede Electrónica Municipal

Concello de AMES

Exención a favor de centros educativos concertados (art. 7.1 Ley 22/1993)	11.025,73
Outros beneficios fiscais non incluidos anteriormente	111.670,43
Imposto sobre Vehículos Tracción Mecánica	133.884,23
Exención a favor de vehículos oficiais (art. 93.1 a) TRLRHL)	
Exención a favor de vehículos de representación diplomática (art. 93.1 b) TRLRHL)	
Exención a favor de vehículos por aplicación de tratados internacionais (art. 93.1 c) TRLRHL)	
Exención a favor de ambulancias e vehículos de asistencia sanitaria (art. 93.1 d) TRLRHL)	764,56
Exención a favor de vehículos para persoas de movilidade reducida (art. 93.1 e) TRLRHL)	51.645,97
Exención a favor de vehículos destinados ao transporte público urbano (art. 93.1 f) TRLRHL)	
Exención a favor de tratores e remolques con Cartilla de Inspección Agrícola (art. 93.1 g) TRLRHL)	25.585,70
Bonificación por tipo de carburante (art. 95.6 a) TRLRHL)	
Bonificación por tipo de motor (art. 95.6 b) TRLRHL)	4.805,19
Bonificación por vehículos históricos (art. 95.6 c) TRLRHL)	51.082,81
Outros beneficios fiscais non incluídos anteriormente	
Imposto sobre Incremento do Valor dos Terrenos de Natureza Urbana	310.953,12
Exención por constitución e transmisión de dereitos de servidume (art. 105.1 a) TRLRHL)	
Exención por transmisión de bens de Conxunto Histórico-Artístico (art. 105.1 b) TRLRHL)	
Exencións por razón do suxeito (art. 105.2 TRLRHL)	
Bonificación por transmisións "mortis causa" a favor de familiares citados no art. 108.4 TRLRHL)	310.889,04
Outros beneficios fiscais non incluídos anteriormente	64,08

NOME: CASTRO FERNÁNDEZ, OLGA
POSTO DE TRABALLO: Tesoureira
DATA DE SINATURA: 13/02/2026
HASH DO CERTIFICADO: 4501EA293F34E0967AE622FC9E63E79AE4FE334E
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2D499A0DAADD4EB48AF
DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE Comprobación de autenticidad en la Sede Electrónica Municipal

Concello de AMES

Imposto sobre Actividades Económicas	10.138,86
Bonificación a favor de cooperativas fiscalmente protexidas (art. 88.1.a) TRLRHL)	10.138,86
Bonificación por inicio de actividade (arts. 88.1.b) y 88.2.a) TRLRHL)	
Bonificación por creación de empleo (art. 88.2.b) TRLRHL)	
Bonificación por utilización de enerxías renovables (art. 88.2.c) TRLRHL)	
Bonificación por rendimientos netos negativos o de contía mínima (art. 88.2.d) TRLRHL)	
Outros beneficios fiscais non incluídos anteriormente	
Imposto sobre construcións, instalacións e obras	0,00
Exención por razón do suxeito co destino citado en art. 100.2 TRLRHL	
Bonificación por construcións, instalacións e obras de especial interés (art. 103.2 a) TRLRHL)	
Bonificación por especial aproveitamento enerxético (art. 103.2 b) TRLRHL)	
Bonificación por planes de fomento de inversións privadas en infraestructuras (art. 103.2 c) TRLRHL)	
Bonificación por vivendas de protección oficial (art. 103.2 d) TRLRHL)	
Bonificación por accesibilidadeey habitabilidade de discapacitados (art. 103.2 e) TRLRHL)	
Outros beneficios fiscais non incluídos anteriormente	

Ames, a Tesoureira

(asinado dixitalmente)

Olga Castro Fernández

NOME: CASTRO FERNÁNDEZ, OLGA
POSTO DE TRABALLO: Tesoureira
DATA DE SINATURA: 13/02/2026
HASH DO CERTIFICADO: 4501EA293F34E0967AE622FC9E63E79AE4FE334E
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2D499A0DAADD4EB48AF
DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
Comprobación de autenticidad en la Sede Electrónica Municipal